



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificación

M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 15 de decembro de 2021, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle para a parcelación das parcelas 3.1 e 3.2 do Plan Parcial I33-R, Iñás

“Por Decreto da Alcaldía nº 2021003903 do 11 de agosto de 2021 aprobose inicialmente o ESTUDIO DE DETALLE PARA A PARCELACIÓN DAS PARCELAS 3.1 e 3.2. DO PLAN PARCIAL I33-R DE IÑÁS, presentado por CARTERA TRISON S.L. (Documento R.E. Nº 2021010433 do 16.06.2021), coa seguintes condicións:

- Proceder a catastrar as parcelas 5771302NH5957S0001FF e 5771301NH5957S0001FF a nome de CARTERA TRISON S.L. e acreditar a inscrición rexistral ao seu favor, co fin de acreditar a lexitimación da formulación do estudo de detalle.
- Débese completar a cartela dos planos co código básico do documento e o sistema de coordenadas empregado. Para o documento de aprobación definitiva o código da fase será “AD”.”
- Queda suspendida a tramitación do expediente de agrupación e segregación de parcelas nº 29/2021 en tanto non se aprobe definitivamente o estudo de detalle.

Expúxose ao público anunciándose así no DOG de 20 de agosto de 2011 nº 160 e no xornal “La Voz de Galicia” de 20 de agosto de 2021, notificándose aos afectados, se que se presentara ningunha alegación.

CARTERA TRISON S.L. presentou novo documento de ESTUDIO DE DETALLE PARA A PARCELACIÓN DAS PARCELAS 3.1 e 3.2. DO PLAN PARCIAL I33-R DE IÑÁS (Documento R.E. Nº 2021020600 do 02.12.2021) no que se emendan os erros observados na aprobación inicial.

O arquitecto municipal emite informe o 3 de decembro de 2021 no que conclúe que o documento presentado “completa o cumprimento das seguintes condicións impostas:

- Achégase inscrición rexistral das parcelas a nome de CARTERA TRISON SL mediante notas do Rexistro de data 29.11.2021.
- Mellorase a documentación dixital conforme as NNTTPUG segundo foi requirido.
- Non consta que se teña feita a corrección no catastro do dato de titularidade.

CONCLUSION

O documento dende o punto de vista urbanístico cumpre as condicións impostas no acordo de aprobación inicial, polo que se informa favorablemente; logo procederase o cambio do dato de titularidade no catastro.”

O presente Estudio de Detalle xurde da necesidade imposta pola Normativa do Plan Parcial no cal se enmarca, de tramitar un Estudio de Detalle con carácter previo á calquera agrupación ou división de parcelas. A finalidade do Estudio de Detalle non é propiamente a agregación y posterior segregación, que non é competencia propia do Estudio de Detalle, senón a comprobación de que os volumes e edificacións que serán resultado desta parcelación adecúanse as determinacións do Planeamento Parcial.

Na seguinte táboa recóllense as superficies de solo e edificabilidades tanto das parcelas iniciais, da agrupación delas e das parcelas de resultado.

	parcela	Superficie de solo	Edificabilidade
Inicial	3.1	1.324	1.055,97



Inicial	3.2	4.010	3.207,61
Agrupación	Agrupada	5.334	4.263,58
Final	"A"	3.000	2.397,96
Final	"B"	2.334	1.865,62

As notas simples informativas do Rexistro da Propiedade nº 3 poñen de manifesto que as parcelas 3.1 y 3.2 do SUNP I-33-R, Iñás, Oleiros, pertencen a Cartera TRISON S.L., quedando así lexitimada a presentación do Estudo de Detalle.

Por isto propónse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o ESTUDO DE DETALLE PARA A PARCELACIÓN DAS PARCELAS 3.1 e 3.2. DO PLAN PARCIAL I33-R DE IÑÁS (Documento R.E. Nº 2021020600 do 02.12.2021).

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento que se aproba definitivamente, Documento R.E. Nº 2021020600 do 02.12.2021, e proceder ao arquivo do Documento R.E. Nº 2021010433 do 16.06.2021, ao ser substituído polo que se aproba definitivamente.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia os apartados "MEMORIA URBANÍSTICA DE LA ACTUACION APARTADO 1.3.1 ORDENANZA POR LA QUE SE REGIRA LA ACTUACION", páxinas 7 e 8, que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao titular do terreo dentro do ámbito CARTERA TRISON S.L. e ao equipo redactor.

SÉPTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición."

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.

